



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Expediente núm. 2021/E001/000014

Ref.: JSP

ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL ENCARGADO DO PROCESO PARA SELECIONAR PERSOAL DIRECTIVO, DOCENTE E DE APOIO DO OBRADOIRO DE EMPREGO “EUME III”, PROMOVIDO POLOS CONCELLOS DAS PONTES, DAS SOMOZAS E DA CAPELA

Ás 12:30 horas do día 26/11/2021, na sala de concelleiros do Concello das Pontes de García Rodríguez, reúnense os membros do tribunal encargado da selección persoal directivo, docente e de apoio do obradoiro de emprego “Eume III” (persoal laboral temporal), nomeado a través do Decreto núm. 1706/2021, do 11 de outubro, de acordo coa convocatoria e bases aprobadas mediante o Decreto núm. 1648/2021, do 4 de outubro, publicadas no BOP núm. 191, do 06/10/2021.

ASISTENTES

- Presidencia:

Suplente: Susana Bellas Bermúdez, funcionaria da escala de administración especial (subgrupo A2) do Concello das Pontes de García Rodríguez

- Vogalías:

3ª) Titular: Julia Guerreiro Rodríguez, funcionaria da escala de administración especial (subgrupo A2) do Concello das Pontes de García Rodríguez.

- Secretario:

Titular: José Sanjurjo Paz, funcionario da escala de administración especial (subgrupo A2) do Concello das Pontes de García Rodríguez.

Asiste tamén, como asesora do tribunal, con voz e sen voto, María del Pilar Bouza Naseiro, orientadora laboral (licenciada en Psicoloxía) do Concello das Pontes de García Rodríguez.

Unha vez constituído o tribunal, os seus membros analizan as alegacións presentadas á lista provisional de admitidos, que se resolven segundo se detalla de seguido:

1ª) Desestimar as alegacións presentadas por Dona María Isabel Viñas Val, que solicita se lle teña en conta como experiencia profesional requirida o tempo traballado como Coordinadora de SAD e como Auxiliar de coordinadoa de SAD. O tribunal considera que as tarefas de dirección e coordinación no se corresponde ás esixidas xa que atendendo ás prescricións dos formadores previstas no apartado IV do RD 1379/2008, de 1 de agosto polo que se establecen dous certificados de profesionalidade da familia profesional de servizo sociocomunitarios e á comunidade que se inclúen no Repertorio Nacional de certificados de profesionalidade, non queda debidamente acreditada a experiencia, entre outros, nos seguintes apartados:

1) nas actividades de hixiente e atención sanitaria domiciliaria (aplicación ós usuarios das técnicas de hixiene persoal, preparación da cama, observación dos estados da pel, técnicas de mobilización e traslado, toma de constantes vitales, colaboración na aplicación de tratamentos prescritos por vía oral, rectal ou tópica, etc).

2) Actividades de atención e apoio psicosocial domiciliar (acompañamento e apoio dos usuarios para favorecer a súa autonomía persoal, acompañamento do usuario nas actividades



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Expediente núm. 2021/E001/000014

Ref.: JSP

cotiás, técnicas de observación de diferentes usuarios, etc).

3) Actividades de apoio domiciliario e alimentación familiar (planificación da compra diaria/semanal da unidade de convivencia, técnicas de limpeza no domicilio, planificación, preelaboración, elaboración e conservación dos alimentos no domicilio, etc).

4) Integración e comunicación no centro de traballo (interpretación e execución con dilixencia das instrucións recibidas, ulitización das canles de comunicación establecidos no centro de traballo, adecuación do ritmo de traballo da empresa, etc).

2ª) Desestimar as alegacións presentadas por Dona María Pilar Lamela Riola xa que da documentación achegada no seu día non se pode concluir que teña a experiencia requerida.

3º) De acordo co anterior, elaborase a seguinte lista de persoas aspirantes admitidas e excluídas, valorándose os méritos da persoa admitida:

Selección dun/ha mestre/a de Atención sociosanitaria a persoas no domicilio – SSCS0108

1 MESTRE/A A. SOCIO SANITARIA APELIDOS E NOME	DNI	CELGA 4	Tit. Comp.	Experiencia profesional	Cursos	TOTAL
VÁZQUEZ MÉNDEZ, INMACULADA	***5598**	SI	2	27	5,50	29.00
VIÑAS VALS, ISABEL	***9485**	Excluída por non acreditar a experiencia requerida				
RODRÍGUEZ LÓPEZ, LIDIA	***2211**	Excluída por non acreditar a experiencia requerida				
CABALEIRO GARCÍA, ANA Mª	***7455**	Excluída por non acreditar a experiencia requerida				
LAMELA RIOLA, Mª PILAR	***7362**	Excluída por non acreditar a experiencia requerida				

4º) De non haber reclamacións que afecten á antedita baremación propónse para contratación a Dª Inmaculada Vázquez Méndez, con DNI ***5598**.

E non habendo máis asuntos dos que tratar, a presidenta declara concluída a sesión, ás 13:00 horas do día sinalado.

Do actuado redáctase a presente acta, que é asinada electronicamente pola presidenta e o secretario do órgano de selección.

A presidenta

O secretario